



nota de prensa

## Veciñanza insta ao Concello e á Consellaría a que substitúan xa os teitos vellos do CPI Don Aurelio

*Veciñanza insta ao Concello e á Consellaría de Educación a que acometan os traballos de substitución dos teitos que faltan aproveitando os traballos que se realizan esta semana. Só así se poderá garantir a absoluta tranquilidade da comunidade educativa a respecto duns elementos posiblemente tóxicos que xeran inquedanza dende hai anos.*

Cuntis. 29 de xaneiro de 2019

O O CPI Don Aurelio de Cuntis sufría a semana pasada un incidente que provocou a suspensión das clases o luns día 21. Esta semana, o Concello de Cuntis e a Xefatura Provincial de Educación anunciaron o inicio das obras de reparación dos danos. Este incidente puxo de manifesto a preocupación de parte da comunidade educativa por un asunto que vén xerando inquedanza dende hai moito tempo: **os materiais que compoñen os paneis dos teitos. Existe incerteza a respecto da súa salubridade e posible toxicidade.** Tanto é así que están a ser repostos dende hai dous anos pero a un ritmo demasiado lento. Estes paneis son os orixinais que se instalaron na construción do edificio, hai xa 40 anos, e, segundo afirman membros da comunidade educativa que se dirixiron a Veciñanza para trasladar esta cuestión, **“son un foco de ácaros, producen irritación ao contacto coa pel e as vías respiratorias e provocan polvo en suspensión”**.

Varios/as representantes de Veciñanza contactaron con membros da comunidade educativa do CPI Don Aurelio para coñecer o alcance deste problema dende todos puntos de vista. A conclusión final é que **é imprescindible substituír o antes posible estes teitos para garantir a máxima tranquilidade e seguridade, e non hai mellor momento que aproveitar os traballos que se inician esta mesma semana.**

**Veciñanza insta ao Concello e á Consellaría de Educación a que acometan os traballos de substitución dos teitos que faltan o máis axiña posible, aproveitando os traballos que se están a levar a cabo e buscando a mínima interferencia no desenvolvemento normal das clases.** Só desta maneira se poderá garantir a tranquilidade absoluta.